

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 5 de maio de 2023**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día cinco de maio do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32604.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 28 de abril de 2023.

2.32605.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MONDARIZ-BALNEARIO NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DA PLANTA PRIMEIRA PARA SALAS MULTIUSOS, ENRIQUE BEOTAS, 2”. (Expte.2023006326)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.



- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspóndelle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte á lexislación orzamentaria.
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto á cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.
- En data 31/01/23 por rexistro WEB2023004887 dentro do prazo fixado na convocatoria, emendada nas datas 10/02/2023, 13/04/2023, 17/04/2023 , 27/04/2023 e 02/05/2023, (con números de rexistro WEB2023007681, WEB2023025256, WEB2023025914 ,WEB2023028443 e WEB2023029324 respectivamente), consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Mondariz Balneario* na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no



reparto unha subvención por importe de 69.305,25 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Acondicionamento da planta primeira para sala multiusos, Enrique Beotas, 2*”, cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento   | Subvención  | Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas |
|------------|-------------|-------------|---|
| 2023       | 69.305,25 € | 69.305,25 € | -----   |

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida.
- As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 02/05/2023.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª-7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.



- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### DA XESTIÓN EN CERNES DO CICLO DA AUGA

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

#### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 02/05/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 02/05/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/05/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Mondariz Balneario*, CIF: P3603100C a cantidade de 69.305,25 euros con destino ao financiamento do investimento “*Acondicionamento da planta primeira para sala multiusos, Enrique Beotas, 2º*” ( Exp. : 2023006326) cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición segundo se indica na seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento   | Subvención  | Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas |
|------------|-------------|-------------|---|
| 2023       | 69.305,25 € | 69.305,25 € | -----   |



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 23/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Mondariz Balneario*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.32606.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2021 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA EN MOSTEIRO, O CABALO, O VALADO, E A ERMIDA”. (Expte.2023021803)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes:

- No marco do Plan Concellos 2021, mediante acordo da xunta de goberno núm. 11.30637, de 30/07/2021, se lle concedeu ao *Concello de Pazos de Borbén* unha subvención, por importe de 90.763,53 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Ampliación de saneamento en Pazos-Ramal C” (expdte 2021017804).
- En data 09/02/2022, mediante decreto da alcaldía núm. 28/2022, adxudicase o investimento arriba referido á empresa MARCONSA, SL, no prezo de 70.795,55 euros (IVE ENGADIDO); formalizándose o contrato en data 14/02/2022.
- En data 02/08/2022, a través do rexistro web2022042962, o *Concello de Pazos de Borbén* achega a certificación núm. 1 da obra “Ampliación de saneamento en Pazos-Ramal C”, aprobándose un gasto por importe de 22.156,75 euros, quedando pendente de xustificar a contía que ascende a 68.606,78 euros.



- Mais, os reiterados incumprimentos da empresa adxudicataria deron lugar a que en data 08/03/2023, mediante decreto da alcaldía núm. 2023-0157, se incoará o procedemento para a acordar a resolución de contrato.
- En data 24/03/2023, mediante rexistro web2023020761, o *Concello de Pazos de Borbén* incorpora o decreto da alcaldía núm. 2023-0194, de data 24/03/2023, mediante o que se desiste parcialmente da finalidade subvencionada e se solicita unha modificación do acordo de concesión por cambio de finalidade.
- En data 27/04/2023, mediante resolución presidencial núm. 2023003449, autorízase a desistencia parcial á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “*Ampliación de saneamento en Pazos-Ramal C*” (expdte 2021017804), o que deixa en dispoñible na aplicación orzamentaria 2023/942.9425.762.45.2021 crédito por importe de 68.606,78 euros para o financiamento da nova proposta de inversión achegada polo concello denominada “*Renovación da iluminación pública en Mosteiro, O Cabalo, O Valado e A Ermida*” (2023021803)
- Consta no expediente electrónico incoado co núm. 2023021803, o informe de normativa sectorial da técnica do concello no que fai constar que a execución do proxecto non precisa de autorizacións sectoriais e a certificación do secretario do concello acreditando que o trazado do investimento discorre por viarios de titularidade municipal de acordo co inventario de bens vixente, aprobado polo Pleno do Concello con data 03/12/2021.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2021
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Acordo plenario núm. 4.7875 de 28 de outubro de 2022 (publicado no BOPPO núm. 208 de 31 de outubro de 2022)



## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base reguladora 16ª do PLAN CONCELLOS 2021 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

### PROCEDENCIA DA AUTORIZACIÓN DE REINVESTIMENTO DE BAIXAS

- Base 17ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2021, que dispón que os concellos con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para a realizar os investimentos obxecto de subvención e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiros, poderán solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada.
- Acordo plenario núm. 4.7875 de 28 de outubro de 2022 (publicado no BOPPO núm. 208 de 31 de outubro de 2022), que estende o prazo para solicitar investimentos por reinvestimento de baixas ata o 31 de maio de 2023, o de execución ata o 31 de setembro de 2023 e o de xustificación ata o 31 de outubro de 2023.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación, de data 10/04/2023, e da xefa do Servizo de Cooperación de data 28/04/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 03/05/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Pazos de Borbén*, CIF: P3603700J, unha subvención, por cambio de finalidade, por importe de 68.606,77 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Renovación da iluminación pública en Mosteiro, O Cabalo, O Valado e A Ermida*” (Exp.: 2021017083), en base a un orzamento do mesmo importe.





- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan Concellos 2021, aprobadas polo acordo plenario 1.7538 de 15/12/2020 e publicadas no BOPPO núm.1 de 04/01/2021 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme ao acordo do Pleno da Deputación núm. 4.7875, adoptado no día 28/10/2022 (publicado no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022), o investimento, incluído no Plan Concellos 2021, deberá estar executado a 30/09/2023 e xustificado a 31/10/2023. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Pazos de Borbén*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.32607.- ADXUDICACIÓN DE OBRADOIROS DO Programa DEPO EN MARCHA 2023, E APROBACIÓN DO LISTADO DE AGARDA. (Expte.2022063047)

1º.- No capítulo III da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, desenvólvense os principios reitores da actuación da Administración pública galega, en relación coas persoas maiores, entre os que se atopa “promover o seu benestar, a súa autonomía persoal e a súa participación na vida e nas actividades da sociedade”.

2º.- Desde o punto de vista competencial, este programa está dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na que se establece como competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

3º.- Por outra banda, na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establécese que os poderes públicos fomentarán o desenvolvemento de actuacións solidarias destinadas a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social, mediante intervencións que permitan acadar os obxectivos de proporcionar oportunidades e recursos que aseguren a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como garantir o apoio ás familias como o marco de referencia no que se desenvolven as persoas. No artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionaránlle asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

4º.- Neste contexto, a Deputación de Pontevedra co programa “*Depo en marcha*” asume os principios recollidos na devandita norma e fomenta a participación das persoas maiores en actividades que promoven a creación de espazos de encontro e intercambio de experiencias, que permiten impulsar a súa independencia e, deste xeito, evitar o illamento e as situación de soidade non desexadas.



Por Acordo da Xunta de Goberno número 4.32233, do 4 de novembro de 2022 aprobáronse as Bases Reguladoras do programa “*Depo en Marcha*” para o ano 2023, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 25, do 6 de febreiro de 2023.

5º.- A Base Terceira, entidades beneficiarias, recolle o seguinte:

*“Poderán beneficiarse do programa as entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra dalgunha das seguintes tipoloxías:*

*Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) como entidades de iniciativa social dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra*

*Entidades que figuren no Rexistro xeral de asociacións, rexistradas dentro da provincia de Pontevedra e clasificadas nas seguintes categorías tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados*

*Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non recollidas nas anteriores*

*Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social dirixidas a persoas maiores de 50 anos*

*Non poderán participar no programa as entidades de iniciativa pública”*

6º.- A Base Cuarta relativa ás condicións do programa, recolle entre outros, que “(...)só poderá concederse un obradoiro por entidade(...)”.

7º.- Así mesmo, de acordo co establecido na Base Décimo cuarta, relativa ao procedemento de concesión, os criterios de prelación son os seguintes:

*“(...) O procedemento de concesión será o de concorrencia non competitiva. No caso de que o número de solicitudes exceda o número de obradoiros ofertados, desde a Deputación elaborárase a lista seguindo a orde de prelación que se detalla a continuación:*

*- Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) como entidades de iniciativa social, dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra*

*- As entidades que figuren no Rexistro Xeral de Asociacións, recollidas dentro da provincia de Pontevedra e clasificadas na categoría tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados*

*- Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non rexistradas nas anteriores*

*- Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores (...)”*

*A prelación dentro de cada grupo de entidades será por orde de rexistro de entrada das solicitudes. “*

*Tendo en conta o anterior, cubrirase de forma inicial un máximo de 130 obradoiros e o resto das solicitudes quedarán en lista de agarda(...)”*

8º.- A base segunda , “orçamento e financiación”, recolle que “(...)a contía consignada para este programa é de cento corenta e cinco mil novecentos dezaseis euros con vinte céntimos (145.916,20 €), con cargo á aplicación 23/231.2311.227.07 do Orzamento provincial (...)”

Estabécese que “(...)o programa será cofinanciado pola institución provincial tal e como se especifica a continuación:

*- Cada alumna ou alumno aboará a cantidade de sete (7,00) euros por curso*

*- A Deputación asumirá a cantidade restante que resulte do prezo de adxudicación(...)”*

9º.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria que tivo lugar o día 1 de abril de 2022 adoptou entre outros asuntos, adxudicar a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “*Depo en Marcha*” para o ano 2022 á empresa Xestión Cultural Áurea, S.L., con CIF B36394203, polo prezo unitario



por obradoiro de 1.122,43 € (IVE incluído). O contrato foi obxecto dunha prórroga ata o 31 de decembro de 2023.

10º.- Tendo en conta o anterior, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e rematado o prazo de emenda o 25 de abril de 2023, consta que nesta convocatoria hai un total de 242 expedientes, dos cales:

- Admitidas: 224 solicitudes por cumprir os requisitos establecidos nas bases reguladoras
- Excluídas: 18 solicitudes, 17 por non ter emendado a súa solicitude no prazo establecido, e 1 solicitude por corresponder a unha entidade de iniciativa pública, non beneficiaria de este programa.
- Ningunha solicitude foi presentada fóra de prazo.

O prezo unitario por obradoiro é de 1.122,43 euros (IVE incluído), polo que a adxudicación de 130 actividades formativas ascende a un total de 145.915,90 euros con cargo á aplicación 23/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.

11.- Con data 5 de maio de 2023, Intervención emite dilixencia de fiscalizado e conforme, respecto da proposta de aprobación de 130 solicitudes do programa “*Depo en Marcha 2023*”, (CSV): VHTCKDQRM6WOWI3I), xunto coa relación de solicitudes en lista de agarda (94), (CSV): VE065LNTMSNWV16G) e excluídas (18), (CSV): SQXU0N9DPFNZBG9C).

- **NORMATIVA APLICABLE:**
  - Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
  - Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
  - Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.
  - Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
  - Bases de execución do vixente Orzamento provincial para o ano 2023.
  - Bases do programa Depo en Marcha 2023.
- **PROPOSTA DE ACORDO**

De acordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro - Aprobar a adxudicación dos obradoiros ás entidades de maiores, xubilados e pensionistas e outras entidades da provincia de Pontevedra, que se relacionan, no marco do programa “*Depo en Marcha 2023*”, atendendo aos criterios de prelación establecidos nas bases e que supoñen un total de 130.

Segundo.- Aprobar a relación de entidades en lista de agarda que son un total de 94 e a exclusión de 18 solicitudes, polos motivos que figuran na relación anexa.

Os Anexos figuran asinados no expediente cos seguintes CSV:

- Listado total de solicitudes no programa: (CSV): VBEHCH8G77WQO6G3
- Listado de entidades con proposta de adxudicación: (CSV): VHTCKDQRM6WOWI3I
- Listado de entidades en lista de agarda: (CSV) VE065LNTMSNWV16G
- Listado de entidades excluídas: (CSV): SQXU0N9DPFNZBG9C



5.32608.- ADXUDICACIÓN DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2023 PARA O CONCELLO DO GROVE. (Expte. 2023017407)

1º.- Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 24 de xaneiro de 2023, aprobáronse as bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais, para o ano 2023 (Convocatoria CSX\_C/23) e foron publicadas no BOPPO núm.15 do 24 de xaneiro de 2023. O obxectivo desta convocatoria é o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento ás ditas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014.

2º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado día 23 de febreiro de 2023, o *Concello do Grove* presentan a súa solicitude en forma e prazo.

3º.- O antedito Concello atópanse ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, así como coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial. Non ten ningún anticipo pendente de xustificación do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais do exercicio 2022 e presentaron a xustificación da mesma en prazo.

4º.- Con data 24 de abril de 2023 a Xefa de Servizo de Cohesión Social e Xuventude emite informe favorable á adxudicación do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais 2023 para o *Concello do Grove*.

5º.- Intervención a través de informe de data 24 de abril de 2023, informa favorablemente o expediente e constata a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 para facer fronte ó gasto para o citado concello que presentou a solicitude completa e correcta para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2023.

Considerando o establecido nas bases reguladoras do Plan de cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2023, así como nas aprobadas para a execución do vixente orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder para o Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do exercicio de 2023 ao *Concello do Grove* un importe global de 30.091,00 euros para gastos de persoal e 35.144,29 euros para o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico o que supón un total de 65.235,29 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 do vixente orzamento provincial.



6.32609.- ADXUDICACIÓN DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2023 PARA O CONCELLO DE MOAÑA. (Expte. 2023013082)

1º.- Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 24 de xaneiro de 2023, aprobáronse as bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais, para o ano 2023 (Convocatoria CSX\_C/23) e foron publicadas no BOPPO núm.15 do 24 de xaneiro de 2023. O obxectivo desta convocatoria é o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento ás ditas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014.

2º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado día 23 de febreiro de 2023, o *Concello de Moaña* presentan a súa solicitude en forma e prazo.

3º.- O antedito Concello atópanse ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, así como coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial. Non ten ningún anticipo pendente de xustificación do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais do exercicio 2022 e presentaron a xustificación da mesma en prazo.

4º.- Con data 26 de abril de 2023 a Xefa de Servizo de Cohesión Social e Xuventude emite informe favorable á adxudicación do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais 2023 para o *Concello de Moaña*.

5º.- Intervención a través de informe de data 26 de abril de 2023, informa favorablemente o expediente e constata a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 para facer fronte ó gasto para o citado concello que presentou a solicitude completa e correcta para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2023.

Considerando o establecido nas bases reguladoras do Plan de cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2023, así como nas aprobadas para a execución do vixente orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder para o Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do exercicio de 2023 ao *Concello de Moaña* un importe global de 42.055,00 euros para gastos de persoal e 38.992,00 euros para o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico o que supón un total de 81.047,00 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 do vixente orzamento provincial.



7.32610.- ADXUDICACIÓN DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2023 PARA O CONCELLO DE MOS (Expte. 2023020860)

1º.- Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 24 de xaneiro de 2023, aprobáronse as bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais, para o ano 2023 (Convocatoria CSX\_C/23) e foron publicadas no BOPPO núm.15 do 24 de xaneiro de 2023. O obxectivo desta convocatoria é o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento ás ditas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014.

2º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado día 23 de febreiro de 2023, o *Concello de Mos* presentan a súa solicitude en forma e prazo.

3º.- O antedito Concello atópanse ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, así como coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial. Non ten ningún anticipo pendente de xustificación do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais do exercicio 2022 e presentaron a xustificación do mesmo en prazo.

4º. Con data 27 de marzo de 2023 a Xefa de Servizo de Cohesión Social e Xuventude emite informe favorable á adxudicación do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais 2023 para o *Concello de Mos*.

5º. Intervención a través de informe de data 20 de abril de 2023, informa favorablemente o expediente e constata a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 para facer fronte ó gasto para o citado concello que presentou a solicitude completa e correcta para o Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2023.

Considerando o establecido nas bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2023, así como nas aprobadas para a execución do vixente orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder para o Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do exercicio de 2023 ao *Concello de Mos* un importe global de 45.104,00 euros para gastos de persoal e 35.760,24 euros para o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico o que supón un total de 80.864,24 euros que se imputarán á aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 do vixente orzamento provincial.



8.32611.- ADXUDICACIÓN DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2023 PARA O CONCELLO DE NIGRÁN. (Expte. 2023017829)

1º.- Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 24 de xaneiro de 2023, aprobáronse as bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais, para o ano 2023 (Convocatoria CSX\_C/23) e foron publicadas no BOPPO núm.15 do 24 de xaneiro de 2023. O obxectivo desta convocatoria é o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento ás ditas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014.

2º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado día 23 de febreiro de 2023, o *Concello do Nigrán* presentan a súa solicitude en forma e prazo.

3º.- O antedito Concello atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, así como coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial. Non ten ningún anticipo pendente de xustificación do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais do exercicio 2022 e presentaron a xustificación do mesmo en prazo.

4º. Con data 21 de abril de 2023 a Xefa de Servizo de Cohesión Social e Xuventude emite informe favorable á adxudicación do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais 2023 para o *Concello de Nigrán*.

5º Intervención a través de informe de data 21 de abril de 2023, informa favorablemente o expediente e constata a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 para facer fronte ó gasto para o citado concello que presentou a solicitude completa e correcta para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2023.

Considerando o establecido nas bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2023, así como nas aprobadas para a execución do vixente orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder para o Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do exercicio de 2023 ao *Concello de Nigrán* un importe global de 45.104,00 euros para gastos de persoal e 36.010,00 euros para o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico o que supón un total de 81.114,00 euros que se imputarán á aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 do vixente orzamento provincial.



9.32612.- ADXUDICACIÓN DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2023 PARA O CONCELLO DE POIO. (Expte. 2023021849)

1º.- Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 24 de xaneiro de 2023, aprobáronse as bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais, para o ano 2023 (Convocatoria CSX\_C/23) e foron publicadas no BOPPO núm.15 do 24 de xaneiro de 2023. O obxectivo desta convocatoria é o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento ás ditas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014.

2º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado día 23 de febreiro de 2023, o *Concello do Poio* presentan a súa solicitude en forma e prazo.

3º.- O antedito Concello atópanse ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, así como coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial. Non ten ningún anticipo pendente de xustificación do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais do exercicio 2022 e presentaron a xustificación do mesmo en prazo.

4º.- Con data 10 de abril de 2023 a Xefa de Servizo de Cohesión Social e Xuventude emite informe favorable á adxudicación do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais 2023 para o *Concello de Poio*.

5º.- Intervención a través de informe de data 24 de abril de 2023, informa favorablemente o expediente e constata a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 para facer fronte ó gasto para o citado concello que presentou a solicitude completa e correcta para o Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2023.

Considerando o establecido nas bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2023, así como nas aprobadas para a execución do vixente orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder para o Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do exercicio de 2023 ao *Concello de Poio* un importe global de 56.090,33 euros para gastos de persoal e 34.460,00 euros para o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico o que supón un total de 90.550,33 euros que se imputarán á aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 do vixente orzamento provincial.





10.32613.- ADXUDICACIÓN DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2023 PARA O CONCELLO DE SANXENXO. (Expte. 2023018037)

1º.- Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 24 de xaneiro de 2023, aprobáronse as bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais, para o ano 2023 (Convocatoria CSX\_C/23) e foron publicadas no BOPPO núm.15 do 24 de xaneiro de 2023. O obxectivo desta convocatoria é o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento ás ditas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014.

2º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado día 23 de febreiro de 2023, o *Concello do Sanxenxo* presentan a súa solicitude en forma e prazo.

3º.- O antedito Concello atópanse ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, así como coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial. Non ten ningún anticipo pendente de xustificación do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais do exercicio 2022 e presentaron a xustificación do mesmo en prazo.

4 º.- Con data 27 de marzo de 2023 a Xefa de Servizo de Cohesión Social e Xuventude emite informe favorable á adxudicación do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais 2023 para o *Concello de Sanxenxo*.

5º.- Intervención a través de informe de data 21 de abril de 2023, informa favorablemente o expediente e constata a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 para facer fronte ó gasto para o citado concello que presentou a solicitude completa e correcta para o Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2023.

Considerando o establecido nas bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2023, así como nas aprobadas para a execución do vixente orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder para o Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do exercicio de 2023 ao *Concello de Sanxenxo* un importe global de 45.104,00 euros para gastos de persoal e 35.270,00 euros para o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico o que supón un total de 80.374,00 euros que se imputarán á aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 do vixente orzamento provincial.



11.32614.- ADXUDICACIÓN DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2023 PARA O CONCELLO DE SILLEDA. (Expte. 2023013415)

1º.- Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 24 de xaneiro de 2023, aprobáronse as bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais, para o ano 2023 (Convocatoria CSX\_C/23) e foron publicadas no BOPPO núm.15 do 24 de xaneiro de 2023. O obxectivo desta convocatoria é o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento ás ditas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014.

2º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado día 23 de febreiro de 2023, o *Concello do Silleda* presentan a súa solicitude en forma e prazo.

3º.- O antedito Concello atópanse ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, así como coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial. Non ten ningún anticipo pendente de xustificación do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais do exercicio 2022 e presentaron a xustificación do mesmo en prazo.

4º.- Con data 27 de marzo de 2023 a Xefa de Servizo de Cohesión Social e Xuventude emite informe favorable á adxudicación do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais 2023 para o *Concello de Silleda*.

5º.- Intervención a través de informe de data 21 de abril de 2023, informa favorablemente o expediente e constata a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 para facer fronte ó gasto para o citado concello que presentou a solicitude completa e correcta para o Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2023.

Considerando o establecido nas bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos sociais comunitarios municipais para o exercicio 2023, así como nas aprobadas para a execución do vixente orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder para o Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do exercicio de 2023 ao *Concello de Silleda* un importe global de 19.535,50 euros para gastos de persoal e 41.312,21 euros para o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico o que supón un total de 60.847,61 euros que se imputarán á aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 do vixente orzamento provincial.



12.32615.- ADXUDICACIÓN DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2023 PARA O CONCELLO DE VILA DE CRUCES. (Expte. 2023019940)

1º.- Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 24 de xaneiro de 2023, aprobáronse as bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais, para o ano 2023 (Convocatoria CSX\_C/23) e foron publicadas no BOPPO núm.15 do 24 de xaneiro de 2023. O obxectivo desta convocatoria é o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento ás ditas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014.

2º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado día 23 de febreiro de 2023, o *Concello de Vila de Cruces* presentan a súa solicitude en forma e prazo.

3º.- O antedito Concello atópanse ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, así como coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial. Non ten ningún anticipo pendente de xustificación do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do exercicio 2022 e presentaron a xustificación do mesmo en prazo.

4º.- Con data 24 de marzo de 2023 a Xefa de Servizo de Cohesión Social e Xuventude emite informe favorable á adxudicación do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais 2023 para o *Concello de Vila de Cruces*.

5º.- Intervención a través de informe de data 21 de abril de 2023, informa favorablemente o expediente e constata a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 para facer fronte ó gasto para o citado concello que presentou a solicitude completa e correcta para o Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2023.

Considerando o establecido nas bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos sociais comunitarios municipais para o exercicio 2023, así como nas aprobadas para a execución do vixente orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder para o Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do exercicio de 2023 ao *Concello de Vila de Cruces* un importe global de 27.042,00 euros para gastos de persoal e 33.802,32 euros para o financiamento dos servizos de axuda no fogar (SAF) básico o que supón un total de 60.844,32 euros que se imputarán á aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 do vixente orzamento provincial.



13.32616.- ADXUDICACIÓN DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2023 PARA O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA. (Expte. 2023016235)

1º.- Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 24 de xaneiro de 2023, aprobáronse as bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais, para o ano 2023 (Convocatoria CSX\_C/23) e foron publicadas no BOPPO núm.15 do 24 de xaneiro de 2023. O obxectivo desta convocatoria é o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento ás ditas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014.

2º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado día 23 de febreiro de 2023, o *Concello de Vilanova de Arousa* presentan a súa solicitude en forma e prazo.

3º.- O antedito Concello atópanse ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, así como coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial. Non ten ningún anticipo pendente de xustificación do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais do exercicio 2022 e presentaron a xustificación do mesmo en prazo.

4 º.- Con data 27 de marzo de 2023 a Xefa de Servizo de Cohesión Social e Xuventude emite informe favorable á adxudicación do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais 2023 para o *Concello de Vilanova de Arousa*.

5º.- Intervención a través de informe de data 21 de abril de 2023, informa favorablemente o expediente e constata a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 para facer fronte ó gasto para o citado concello que presentou a solicitude completa e correcta para o Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2023.

Considerando o establecido nas bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2023, así como nas aprobadas para a execución do vixente orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder para o Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do exercicio de 2023 ao *Concello de Vilanova de Arousa* un importe global de 45.104,00 euros para gastos de persoal e 37.835,48 euros para o financiamento dos servizos de axuda no fogar (SAF) básico o que supón un total de 82.939,48 euros que se imputarán á aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 do vixente orzamento provincial.



14.32617.- ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DO CONTRATO DE “PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS PRÍNCIPE FELIPE NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2022058144)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 27 de xaneiro de 2023, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da *Prestación do servizo de Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra*.

O anuncio de licitación publicouse no Diario Oficial da Unión Europea con data 6 de febreiro do 2023, e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 3 de febreiro do 2023, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 9 de marzo do 2023, procedeu á apertura do sobre “A”, correspondente a documentación administrativa, e declarou admitida á seguinte empresa: FUNDACION DE ESTUDIOS E ANALISES-FESAN (CIF: G15597669).

A continuación, procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios que dependen dun xuízo de valor, e acordou remitir dita documentación ao persoal técnico do servizo de Centro Príncipe Felipe para a súa valoración.

Recibido informe de Centro Príncipe Felipe, de data 23 de marzo do 2023 (CSV: 7CAC2ZV5PQ2R6FTV), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 30 de marzo do 2023, presta conformidade ás puntuacións acadadas no referido informe, e procede á apertura electrónica dos sobres “C” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos.

Unha vez examinada a oferta da Fundación de Estudos e Analises-Fesan (CIF: G15597669), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 14 de abril do 2023, procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANALISES-FESAN (CIF: G15597669) , polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2023003052, de 18 de abril do 2023, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANALISES-FESAN, que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANALISES-FESAN presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2023027647, de data 24/04/2023), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no



requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 26.991,60 € (carta de pago núm. operación 202300086914, do 24/04/2023).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato da “Prestación do servizo de Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra” á FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANALISES-FESAN (CIF: G15597669) polos prezos e valor es ofertados, e conforme ao seguinte:

Prezo:

|                              |              |
|------------------------------|--------------|
| Prezo sen o IVE (dous anos): | 539.832,00 € |
| IVE:                         | 0,00 €       |
| Prezo total (dous anos):     | 539.832,00 € |

(\*) *A prestación deste servizo está exenta de IVE (art. 20. 1.º Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor incluído)*

Prazo de duración: Dous anos, contados desde a data 1 de setembro do 2023, ou desde a súa formalización, no caso de que esta sexa posterior.

Prórroga/s:  SI  NON Número: 2 Duración: 1 ano cada unha.

Continuidade do servizo ao vencemento do contrato: Cando ao vencemento do contrato non se formalizase o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar pola ou polo contratista, como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de Contratación producidas no procedemento de adxudicación, e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato, por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se publicara cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario.



**Financiación:**

| Anualidade               | Aplicación orzamentaria | Importe total (co IVE) |
|--------------------------|-------------------------|------------------------|
| 2023 (setembro-décembro) | 23/232.2312.227.99      | 92.280,35 €            |
| 2024                     | 24/232.2312.227.99      | 276.841,05 €           |
| 2025 (xaneiro-agosto)    | 25/232.2312.227.99      | 184.560,70 €           |

O cadro de financiación poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice o contrato. En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2024 e 2025 quedarán condicionados á existencia de existencia de crédito axeitado e suficiente na referida aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

Forma de pagamento: PARCIAL

**Fitos de facturación:**

A Deputación de Pontevedra, aboará a empresa adxudicataria, de forma mensual, o prezo que resulte do prezo de adxudicación do contrato, unha vez deducido o seguintes importes:

- Importe correspondente aos prezos público percibidos conforme o *Acordo regulador de prezos públicos polos servizos que se prestan na Escola Infantil* da Deputación de Pontevedra que estea en vigor en cada curso.
- O importe percibido pola empresa adxudicataria correspondente a axudas ou subvencións outorgadas para tal fin se fose o caso.

\* O cálculo do prezo mensual realizarase dividindo o prezo de adxudicación entre 24 mensualidades.

O importe correspondente ao prezo público aboado polos usuarios será percibido de forma directa pola empresa adxudicataria do contrato.

A estes efectos, a empresa adxudicataria xunto coa factura mensual emitida, deberá achegar, entre o 10 e o 15 de cada mes a seguinte documentación:

- 1) Unha relación do número de usuarios matriculados no que se recolla:
  - Importe correspondente ao prezo público aboado por cada un segundo os tramos do IPREM.
  - Relación dos usuarios que acceden de forma gratuíta con motivo dunha axuda ou subvención outorgada para tal fin.



- Relación de usuarios que accedan en aplicación do artigo 72 do *convenio colectivo de centros de asistencia e educación infantil* relativo a prazas de gratuidade para traballadores de todas as empresas afectadas polo devandito convenio.

2) Xustificante bancario que recolla os ingresos efectuados polos usuarios.

3) Declaración de usuarios que estean incusos nunha falta de pagamento da mensuralidade.

En aplicación do anteriormente exposto, a factura emitida pola empresa adxudicataria comprenderá o importe mensual resultante da adxudicación unha vez deducidos os ingresos percibidos correspondentes aos prezos públicos ou axudas/subvencións outorgadas para tal fin.

No caso de que se producise unha situación de falta de pagamento por parte dun usuario da Escola Infantil, o importe correspondente ao prezo público pendente será aboado, por parte da Deputación de Pontevedra, na factura mensual emitida pola empresa adxudicataria. Neste contexto será a Deputación de Pontevedra a que procederá a reclamación da falta de pagamento segundo o previsto nas *Bases reguladoras do procedemento de inscrición e réxime de admisión dos usuarios na Escola Infantil 0-3 anos de Príncipe Felipe* da correspondente convocatoria en cada curso escolar.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra ([sede.depo.es](https://sede.depo.es)), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

|                 |                            |                      |               |                   |           |
|-----------------|----------------------------|----------------------|---------------|-------------------|-----------|
| Administración: | L02000036 (CIF: P3600000H) |                      | Núm. de exp.: | 2022058144        |           |
| Órgano xestor:  | LA0006112                  | Unidade tramitadora: | LA0006135     | Oficina contable: | LA0006135 |

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.





Responsable do contrato: Ana María Soto Prieto, xefa de xestión do servizo Centro Príncipe Felipe.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

15.32618.- DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIONES PRESENTADAS POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS, S.L. DA “REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO DERIVADO LOTE 1. ZONA A DO ACORDO MARCO OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2021022282)

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26 de marzo de 2021, acordou adxudicar o “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, Zona A – Lote 1” á empresa Construcciones Enrique C Casas, S.L.

A Xunta de Goberno de data 28 de maio de 2021, adxudicou o “Contrato derivado das obras na ZONA A-Lote 1 do Acordo marco de conservación de firmes na rede viaria” polo importe de 638.183,75 € IVE incluído.

Con data 29 de abril de 2022 a empresa Construcciones Enrique C Casas, S.L. presenta por rexistro (WEB2022026519) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o dito contrato derivado da Zona A - Lote 1.

Por Resolución Presidencial nº 2022008499 de data 25 de novembro do 2022 propónse provisionalmente o non recoñecemento da revisión excepcional de prezos por non quedar acreditado o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 7 do Real decreto lei 3/2022, pois o incremento de costes dos materiais é menor dun 5%, concretamente 4,64%. Concédese a empresa un prazo de 10 días para a presentación de alegacións.

Con data 14 de decembro do 2022 Construcciones Enrique C Casas, S.L. presenta por rexistro (WEB2022063255) una solicitude para un novo recálculo da revisión cos novos materiais incorporados na orden HFP/1070/2022 de data 8 de novembro, sen achegar novos cálculos provisionais.



Con data 23 de xaneiro do 2023 o Servizo de Infraestruturas informa (CSV do informe EDVWHN0P6QHLYLDI9):

*“O solicitante non aporta xustificación do requisito do artigo 7.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, sobre a existencia dun incremento do coste dos materiais indicados, maior do 5 por cento do importe certificado do contrato. Dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que utilizando a fórmula 153 incluíndo os novos materiais da orde HFP/1070/2022 de 8 de novembro, non se cumpre dito requisito, obtendo un incremento do 4,73%. Xúntase revisión efectuada.”*

A Intervención, con data 29 de marzo, pon de manifestó que:

*“A solicitude da empresa contratista non acredita o requisito que se pon de manifesto no artigo 7 do Real Decreto Ley 3/2022 respecto do incremento do custe dos materiais empregados no contrato das obras que deberá exceder do 5 por cento do importe certificado. Representando segundo informe do Servizo Técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, un incremento do 4,73%.”*

Considerando o artigo 7 do Real Decreto-lei 3/2022 que prevé a revisión excepcional de prezos recoñecerase cando o incremento do coste dos materiais empregados para a obra adxudicada houbera tido un impacto directo e relevante na economía do contrato.

A estos efectos, considérase que existe un impacto directo e relevante cando trala aplicación da fórmula de revisión de prezos ou a que corresponda conforme ao RD 1359/2011, de 7 de outubro, supoña un incremento de coste de materiais siderúrxicos, materiais bituminosos, aluminio ou cobre que exceda do 5% do importe certificado.

Visto o informe do Servizo de Infraestruturas, logo de aplicar a fórmula de revisión proposta (nº153) o incremento é menor dun 5% (4,73 %).

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido dá Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Desestimar as alegacións presentadas por Construcciones Enrique C Casas, S.L. solicitando un novo recálculo para a revisión excepcional de prezos.
- 2.- Elevar a definitivo o acordo do órgano de contratación de non recoñecer a revisión de prezos excepcional do “Contrato derivado das obras na ZONA A- Lote 1 do Acordo marco de conservación de firmes na rede viaria”.



16.32619.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

a) Vista a relación de facturas con número 2023032098, que contén 1 factura e por un importe de 1.161,60 euros, e con CSV: YUU1WKC2JKWLA333, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 28/04/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

|  |            |
|--|------------|
| Importe total .....                            | 1.161,60 € |
| Descontos do IRPF.....                         | 0,00 €     |
| Descontos do IVE soportado deducible.....      | 0,00 €     |
| Descontos do honorarios técnicos externos..... | 0,00 €     |
| Outros descontos.....                          | 0,00 €     |
| Total líquido .....                            | 1.161,60 € |

*Pola presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*

b) Vista a relación de facturas con número 2023032106, que contén 13 facturas e por un importe de 34.414,22€ e con CSV:V7EML17HUCWPPPUX, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 28/04/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a *nulidade das obrigas*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

|  |             |
|--|-------------|
| Importe total.....                             | 33.440,53 € |
| Descontos do IRPF.....                         | 0,00 €      |
| Descontos do IVE soportado deducible.....      | 973,69 €    |
| Descontos do honorarios técnicos externos..... | 0,00 €      |
| Outros descontos.....                          | 0,00 €      |
| Total líquido.....                             | 34.414,22 € |

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*



17.32620.- REPARTO DE AXUDAS ÁS COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2023. (Expte. 2022071343)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 3 de febreiro de 2023, número de acordo 3.32173, aprobou as Bases Reguladoras de subvencións dirixidas ás cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra, cun orzamento total de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00€), e foron publicadas no BOPPO número 29 do 10 de febreiro de 2023.

A base reguladora décimo terceira indica que correspóndelle á xefa do Servizo de Medio Ambiente a instrución do procedemento, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función de que o gasto das solicitudes seá subvencionable, previa fiscalización do Servizo de Intervención, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente.

Unha vez finalizado o prazo de solicitudes, e de acordo con estas bases, con código seguro de verificación (CSV): 8K4K3DQX77E6GUEC, formuláronse dez solicitudes.

Examinadas e valoradas a totalidade das solicitudes, compróbase que algúns expedientes inclúen elementos non subvencionables, polo que, procedese o axuste dos importes para adecualos os requisitos esixidos na convocatoria para as citadas axudas, resultando o importe total a repartir na cantidade de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 euros).

Vistos os informes emitidos, en relación o reparto das axudas, pola xefa do Servizo de Medio Ambiente do 26/04/2023, de Intervención do 27/04/2023, e a restante documentación que figura no expediente, e considerando o disposto nas bases de execución do vixente orzamento da Deputación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar o reparto das axudas a cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra, por importe total de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 euros) con cargo á aplicación 23/410.4120.789.00 do vixente Orzamento Provincial. Dita cantidade resulta da relación que se achega na proposta de acordo con CSV: PAX5QU2MQFJ0LNIZ que se aproba no presente acto.

18.32621.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA CORAL POLIFÓNICA SANTA COMBA – CORDEIRO DO CONCELLO DE VALGA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “FESTIVAL ANUAL”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022. (Expte.2022018032)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *Coral Polifónica. Sta. Comba-Cordeiro-Valga* con CIF: G-36.258.689, do *Concello de Valga*, por un importe de 785,59 euros, para o “*Festival anual*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 12/04/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



19.32622.- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES ADXUDICADOS E DOS DATOS ESTADÍSTICOS DE CONTRATACIÓN CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2023. (Expte.2023031905)

A Deputación de Pontevedra, en cumprimento do disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ven publicando na sección de transparencia da súa páxina web desde o primeiro trimestre do ano 2015 a información relativa ós contratos menores adxudicados así como dos datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público segundo os datos existentes no seu Servizo de Contratación e Patrimonio.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no art. 63.4 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público desde a entrada en vigor da referida norma publica no Perfil do Contratante a información relativa aos contratos menores adxudicados e a formalización de todos os contratos.

Á vista dos anteditos preceptos legais, o Servizo de Contratación e Patrimonio elaborou os informes: “*Contratos menores adxudicados no primeiro trimestre de 2023*” e “*Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o primeiro trimestre do ano 2023*” que se achegan.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Queda enterada do contido dos informes “*Contratos menores adxudicados no primeiro trimestre de 2023*” (CSV 5SUSHQBKWU3OMWJS) e “*Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o primeiro trimestre do ano 2023*” (CSV 3NQ17C5NGW143QZM), de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- Ordena a súa publicación na sección de transparencia da páxina web da Institución Provincial.

20.32623.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

21.32624.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

